


A Subdirección Xeral de Medio Aberto e Penas e Medidas Alternativas ten encomendadas a execución e o cumprimento das sancións penais nas que a persoa penada permanece no seu medio comunitario pero sendo sometido a certas restricións, mediante a imposición de condicións /obrigacións.

Da Subdirección Xeral de Medio Aberto e Penas e Medidas Alternativas dependen os Servizos de Xestión de Penas e Medidas Alternativas (SGPMA) que son unidades administrativas multi-disciplinares dependentes da Administración Penitenciaria que teñen encomendada a tarefa de xestión e execución das medidas e penas alternativas á privación de liberdade (RD 840/2011 de 17 de xuño).

O presente documento maniféstase como expresión dos compromisos de calidade asumidos coas persoas penadas pola Subdirección Xeral de Medio Aberto e Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.



Subdirección Xeral de Medio Aberto e Penas e Medidas Alternativas

Enderezo

Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias
Rúa Alcalá, 38, 3.º andar
Tel.: 91 335 48 46 • Fax: 91 335 40 63

Información e atención personalizada

Nos Servizos de Xestión de Penas e Medidas Alternativas no seu respectivo ámbito territorial.

Presentación de queixas e suxestións

As persoas penadas poderán formular queixas e suxestións a través dos SGPMA. Estas queixas e suxestións poderán presentarse de xeito presencial, por correo postal ou a través da páxina web.

Unidade responsable da Carta de Servizos

A Subdirección Xeral de Medio Aberto e Penas e Medidas Alternativas.

Páxina web

www.institucionpenitenciaria.es

Catálogo xeral de publicacións oficiais

<https://cpage.mpr.gob.es>

NIPO (papel): 126-21-037-1

NIPO (en línea): 126-21-034-5

Depósito Legal: M-17868-2021



Carta de Servizos 2021-2024



Servizos de Xestión de Penas e Medidas Alternativas

DATOS IDENTIFICATIVOS E OBXECTIVOS DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE MEDIO ABERTO E PENAS E MEDIDAS ALTERNATIVAS

A Subdirección Xeral de Medio Aberto e Penas e Medidas Alternativas pertence á Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, dependente do Ministerio do Interior.

As funcións que teñen encomendadas, son, entre outras: "(...) a xestión, coordinación e seguimento da pena de traballo en beneficio da comunidade, da suspensión da execución das penas privativas de liberdade e da liberdade condicional; e a acción social penitenciaria".

PRINCIPAIS PRESTACIÓNS DOS SERVIZOS

- A Coordinación e xestión de recursos para o cumprimento das Penas e Medidas Alternativas.
- A comprobación e seguimento do cumprimento efectivo das devanditas penas.
- O desenvolvemento de programas/talleres para o cumprimento de penas ou regras de conduta impostas de maneira obrigatoria.

O obxectivo dos Servizos de Xestión de Penas e Medidas Alternativas (SGPMA) é, polo tanto, garantir a execución das Penas e Medidas Alternativas a través dos seguintes instrumentos:

- Mediante os seus propios profesionais no desenvolvemento de programas de intervención e talleres.
- Mediante entidades colaboradoras para o desenvolvemento destes programas e talleres e/ou a través da oferta de prazas en tarefas de utilidade pública.

NORMATIVA APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- Código Penal de 1995 na súa redacción dada pola LO 1/2015 de 30 de marzo (BOE de 31 de marzo).
- LO 1/1979, de 26 de setembro, Xeral Penitenciaria.
- LO 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Lexislación vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- RD 840/2011, de 17 de xuño, polo que se establecen as circunstancias de execución das penas de traballo de beneficio da Comunidade (...) así como das suspensións da execución das penas privativas de liberdade e substitución de penas.
- RD 2131/2008, de 26 de decembro, polo que se regula a protección de Seguridade Social dos sometidos a penas de traballo en beneficio da comunidade.

DEREITOS DOS USUARIOS

Terán os dereitos que lles reconece o ordenamento xurídico na Constitución, o Código Penal e a Lei Orgánica Xeral Penitenciaria e os expresamente sinalados no artigo 13 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo

Común das Administracións Públicas e o artigo 3 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En concreto, en relación coa pena de Traballo en Beneficio da Comunidade (TBC):

- A execución se desenvolverá baixo o control da Autoridade Xudicial competente, que a tal efecto, solicitará os informes sobre o desempeño do traballo á Administración, entidade pública ou asociación de interese xeral no que se presten os servizos.
- A tarefa de utilidade pública asignada non atentará contra a súa dignidade.
- Poderá propor unha actividade/tarefa concreta que será valorada pola Administración Penitenciaria.
- A tarefa a desenvolver será facilitada pola Administración (estatal, autonómica ou local). A tal efecto, a Administración Penitenciaria poderá establecer os convenios oportunos con outras entidades públicas.
- A persoa penada gozará da protección dispensada pola lexislación penitenciaria en materia de Seguridade Social no caso de desenvolvemento da pena a través de tarefas de utilidade pública.
- A tarefa asignada non se supeditará ao logro de intereses económicos.
- A oferta de prazas para o cumprimento da pena de TBC non terá en ningún caso, un impacto negativo nos postos de traballo da entidade ou Administración Pública que as oferte.

COMPROMISOS DE CALIDADE

A Subdirección Xeral de Medio Aberto e Penas e Medidas Alternativas comprométese a:

- Garantir unha porcentaxe anual de execución do 95% respecto a entrada de mandamentos nos SGPMA.
- Garantir que as citacións para as entrevistas ás persoas penadas realizaranse nun prazo non superior a dous meses desde a recepción da sentenza/executoria/auto polo menos nun 90-95% dos SGPMA.
- Garantir que a entrevista onde se valorará o plan de cumprimento máis adecuado para a persoa penada realizarase nun prazo non superior a dous meses, polo menos nun 90-95% dos SGPMA.
- Garantir que as penas de TBC e as regras de conduta impostas nas suspensións de condena con programa iniciarán a súa execución nun prazo non superior a dous meses desde a entrevista, polo menos nun 90-95% dos SGPMA.
- Manter un número de prazas para o desempeño de tarefas de utilidade pública nos casos de penas de TBC de ao menos 1 praza por cada 3-4 penados/as ao ano, para o seu cumprimento sucesivo. As prazas son promovidas a través de Convenios con entidades públicas e/ou privadas de interese social.
- Realizar visitas programadas ás diferentes entidades colaboradoras segundo programación anual e non inferior, para cada SGPMA, dun 20% do total das mesmas nas que persoas penadas cumpren a súa condena a través de tarefas de utilidade ou programas/talleres, rateadas trimestralmente.

INDICADORES DO NIVEL DE CALIDADE DOS SERVIZOS PRESTADOS

- Porcentaxe de grao de execución/arquivo en relación coas resolucións recibidas.
- Porcentaxe de citacións para as entrevistas realizadas no prazo comprometido.
- Porcentaxe de entrevistas realizadas no prazo comprometido.
- Porcentaxe de inicio de execución das penas de TBC e das regras de conduta impostas nos casos de suspensións de condena con programa no prazo comprometido.
- Porcentaxe de cumprimento do cociente de prazas ofertadas para o desempeño de tarefas de utilidade pública nos casos de penas de TBC, programas e talleres en Penas e Medidas Alternativas, en relación co número de persoas condenadas, segundo o compromiso establecido.
- Porcentaxe de visitas realizadas ás distintas entidades colaboradoras a través das tarefas de verificacións de cumprimento.

MEDIDAS DE EMENDA

As persoas usuarias dos SGPMA poderán presentar unha reclamación ante a Unidade responsable da mesma que é a Subdirección Xeral Medio Aberto e Penas e Medidas Alternativas.

O/a responsable desa Unidade informará ao reclamante sobre as circunstancias que deron lugar ao incumprimento e das medidas adoptadas para corrixir esa anomalía. En calquera caso, este incumprimento non dará lugar a responsabilidade patrimonial da Administración.

QUEIXAS E SUXESTIÓNS

O sistema de queixas e suxestións establececese para recoller e tramitar calquera tipo de información/incidencia manifestada polos usuarios relativa aos servizos recibidos e servirá para a mellora na calidade dos mesmos.

Poderanse formular queixas e suxestións a través dos SGPMA que poderán presentarse de xeito presencial, por correo postal ou na páxina web www.institucionpenitenciaria.es para acceder á Sede Electrónica do Ministerio.

No caso de que se presenten de forma presencial, completárase e asinará un formulario ou rexistro deseñado para ese efecto. As presentadas por correo electrónico e Internet deberán estar asinadas coa firma electrónica do interesado/a.

Poderán, se así o desexan, recibir axuda polo persoal dos SGPMA na formulación da súa queixa ou suxestión. Unha vez formulada a queixa ou suxestión, o particular recibirá constancia da súa presentación.

O departamento correspondente xestionará a petición realizada, debendo informar das actuacións levadas a cabo no prazo máximo de 20 días hábiles.

Transcorrido o prazo sen obter resposta do Departamento implicado, o/a usuario/a poderá dirixirse á Inspección Xeral Penitenciaria, quen deberá comunicarlle os motivos da falta de contestación e esixir, no seu caso, as medidas oportunas.

A presentación de calquera queixa ou suxestión non terá a cualificación de recurso administrativo, nin impedirá a continuación do procedemento ao que puidese afectar.